



CONVOCATORIA

EXPTE. 2020001614

Pola presente convócase a vostede á **sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno** que se realizará no salón de sesións (local habilitado legalmente e, en consonancia co informe de ocupación máxima do mesmo emitido no día de hoxe, polo arquitecto municipal, e que se xunta con esta convocatoria) en Sanxenxo, ás **13:30 horas** do día **09 de xuño de 2020 (martes)**, **solicitado por seis concelleiros/as do Concello de Sanxenxo.**

Motivos que xustifican o cambio da orde do día do Pleno extraordinario solicitado.

Os concelleiros do PSOE, BNG e Ciudadanos o 3 de marzo do presente solicitaron un Pleno extraordinario en base ao artigo 46. 2a da Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local e no que piden a inclusión de 4 puntos na orde do día.

O Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de novembro/1986 no seu artigo 78, punto 2 di:

“Son sesións extraordinarias aquelas que convoque o Alcalde ou Presidente con tal carácter, por iniciativa propia ou a solicitude da cuarta parte, alomenos, do número legal de membros da Corporación.

Tal solicitude terá que facerse por escrito na que se razoe o asunto ou asuntos que a motiven, asinado persoalmente por todos os que a subscriben.

*A relación de asuntos incluídos no escrito **non enerva a facultade do Alcalde ou Presidente para determinar os puntos da orde do día**, se ben a exclusión dalgún dos asuntos propostos deberá ser motivada”.*

En base ao artigo 78. 2 del ROF a **orde do día** desta sesión plenaria será o seguinte:





1º) QUE SE SOLICITE MEDIANTE CONVENIO COA XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN EN SANXENXO DE CURSOS FORMATIVOS E A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE NA ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES.

2º) QUE SE SOLICITE Á CONSELLARÍA DE EDUCACIÓN A INCURSIÓN NO PRÓXIMO CURSO DO CICLO MEDIO DE ATENCIÓN A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA NO INSTITUTO DE VILALONGA.

3º) DEBATE E VOTACIÓN SOBRE A EXTERNALIZACIÓN A UNHA EMPRESA PRIVADA ANUNCIADA POLO PARTIDO POPULAR DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR (SAF).

Exclúese o punto **1 da orde do día** proposto polos concelleiros solicitantes en base aos seguintes razoamentos:

A lexislación local non admite a figura da “*reprobación*”, que si está contemplada nos parlamentos autonómicos e nas dúas cámaras lexislativas, o Congreso dos Deputados e o Senado.

A competencia para delegar ou recuperar a xestión das distintas áreas de goberno é exclusiva do Alcalde e, por tanto, o Pleno non é competente para retirar a delegación dun concelleiro.

Outra cousa distinta, sería que os concelleiros que solicitan a inclusión deste punto na orde do día queiran promover unha moción de censura contra o Alcalde. Neste caso a competencia si que residiría no Pleno.

Ademais, nada impide aos concelleiros solicitantes que expresen e argumenten nos dous puntos da orde do día as razóns que avalarían que o concelleiro de Servizos Sociais non é idóneo para o seu cargo, porque queira utilizar a figura da xestión indirecta, contemplada na Lei de contratos do sector público, para mellorar a calidade e a cobertura do SAF.

Até a realización da sesión poderá vostede examinar os antecedentes, remitidos vía telemáticamente con esta convocatoria, de forma presencial nas oficinas do concello, relacionados co orde do día antes citada.





Lémbreselle a obriga da asistencia, de non existir causa xustificada que llo impida, que coa antelación suficiente deberá comunicar á presidencia, co fin de evitar a sanción na que noutro caso podería incorrer segundo o artigo 18 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

Prégase puntual asistencia.

**O alcalde, Telmo Martín González
(asinado dixitalmente).**

